Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central – MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2025/50	GOB19I00DZ	
3M3D 1P1L 1L6R 241H 1DPW		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTE E DOUS DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

SRES/AS ASISTENTES: **SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:** D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** PRESIDENTE - FERREIRO DIAZ, MARIANTERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE **NON ASISTE:** TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN **SR. INTERVENTOR ACCTAL.:** D/Dª PABLO FREIJOMIL OJEA **SR. SECRETARIO XERAL:** D/DªALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vinte e dous de maio de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia da Sra. A Alcaldesa-Presidenta, MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o Secretario Xeral. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, deulle a súa aprobación.

2.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CADRO DE FINANCIAMENTO DEFINITIVO E ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA A ELABORACIÓN DE INFORME DE SEGUIMENTO COMPLETO DO PACES (PLAN DE ACCIÓN DO PACTO DAS ALCALDÍAS POLO CLIMA E A ENERXÍA SOSTIBLE"..- Vista a proposta formulada que di así: En relación ao expediente denominado Subvención para a elaboración de informe de seguimento completo do PACES (Plan de Acción do Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía Sostible), a xefa de Organización, en data 21 de maio de 2025, elevou a esta alcaldía-presidencia un informe-proposta que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe
EXPEDIENTE	ASI/2025/92: Subvención para a elaboración de informe de seguimento completo do PACES (Plan de Acción do Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía Sostible).
DESTINATARIO	Servizos Económicos
ASUNTO	Proposta de aceptación de subvención

En relación coa Resolución da Dirección Xeral de Administración Local, actuando por delegación da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, do 13 de maio de 2025 pola que se concede a subvención solicitada por este Concello ao amparo da orde do 23 de xaneiro de 2025, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 25, do 6 de febreiro), emítese o seguinte

I N F O RM E - P R O P O S T A

Mediante resolución da alcaldía deste Concello de data 28 de febreiro de 2025 acordouse a solicitude dunha subvención de 7.381,00 euros para a elaboración dun informe de seguimento completo do PACES (Plan de Acción do Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía Sostible) sobre a base da memoria explicativa para a elaboración dese informe subscrita pola alcaldesa deste Concello, no marco das axudas convocadas pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes mediante a orde do 23 de xaneiro de 2025.

En data 10 de abril de 2025, a Xunta de Goberno Local, tras o requirimento efectuado pola Dirección Xeral de Administración Local da Consellería indicada o 18 de marzo de 2025, acordou reformular a solicitude efectuada, tomando en consideración unha nova aplicación orzamentaria para a imputación do gasto.

Con data 15 de maio de 2025 a Dirección Xeral de Administración Local notificou a este Concello a resolución de concesión de axuda, polo importe solicitado, outorgando nese documento un prazo de 10 días hábiles para a aceptación da subvención, ou comunicar a renuncia á subvención concedida, de conformidade co previsto no artigo 26 da Orde de aprobación das bases.

Así mesmo, e de acordo coas Bases de Execución do Orzamento en vigor, procede a aceptación da subvención, o cal é obxecto desta proposta.

F U N D A M E N T O S D E D E R E I T O

- Orde do 23 de xaneiro de 2025, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de

Compensación Ambiental para o ano 2025, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 25, do 6 de febreiro)

- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2024, prorrogados á anualidade 2025. Concretamente a base 52, apartado 2, sinala que *a aceptación da concesión […] deberá ser aprobados, previa toma de razón e retención de crédito da achega municipal ou iniciación dun expediente de modificación de créditos para a habilitación do necesario, pola Xunta de Goberno Local. A proposta de aceptación deberá ir acompañada dunha copia do documento que acredite a súa concesión, do plan de financiamento definitivo e, no seu caso, da solicitude de iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito por xeración.*

A tal efecto, esta funcionaria subscribiu os seguintes documentos, que se acompañan a este informe-proposta:

1. Plan de financiamento definitivo, comprensivo das necesidades de fondos e fontes de financiación existentes para facer fronte ao gasto.

2. Informe-solicitude de xeración de créditos pola contía subvencionada.

Por todo o exposto de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a que asina, previa fiscalización, solicita á Alcaldía-Presidencia que someta a debate e votación da Xunta de goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o cadro de financiamento definitivo para a elaboración de informe de seguimento completo do PACES (Plan de acción do pacto das alcaldías polo clima e a enerxía sostible), de acordo co establecido no documento que se acompaña, e resumido como segue:

Proxecto	Elaboración de informe de seguimento completo do PACES (Plan de acción do pacto das alcaldías polo clima e a enerxía sostible)	
Importe total		7.381,00 €
Recursos externos		7.381,00 €
Fondos propios	1720.64000	0,00 €

SEGUNDO: Aceptar, para a antedita actuación, a subvención de 7.381,00 € concedida pola Dirección Xeral de Administración Local, actuando por delegación da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, nos termos establecidos na resolución de concesión de axuda notificada a este Concello con data 15 de maio de 2025.”

Á vista deste informe, e logo da toma de razón pola Intervención Xeral, en data 21 de maio de 2025, esta alcaldía-presidencia propón, á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o cadro de financiamento definitivo para a elaboración de informe de seguimento completo do PACES (Plan de acción do pacto das alcaldías polo clima e a enerxía sostible), de acordo co establecido no documento que se acompaña, e resumido como segue:

Proxecto	Elaboración de informe de seguimento completo do PACES (Plan de acción do pacto das alcaldías polo clima e a enerxía sostible)	
Importe total		7.381,00 €
Recursos externos		7.381,00 €
Fondos propios	1720.64000	0,00 €

SEGUNDO: Aceptar, para a antedita actuación, a subvención de 7.381,00 € concedida pola Dirección Xeral de Administración Local, actuando por delegación da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, nos termos establecidos na resolución de concesión de axuda notificada a este Concello con data 15 de maio de 2025.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96 F_FIRMA_4